



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

PROGRAMACIÓN DOCENTE DO TRABALLO FIN DE ESTUDOS (Cuadrimestres VII e VIII)  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015)

”A preservación e mellora da saúde de todos convértese no obxectivo principal que ha de guiar a actuación de todas as Administracións públicas, e todas as actividades quedarán supeditadas á protección dese ben superior que é a saúde”. Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e atendendo tamén a outras posibles enfermidades que poidan padecer os nosos alumnos/as, tanto a metodoloxía (presencial, semipresencial e telemática) como a avaliación (presencial, semipresencial e telemática) poderá verse afectada en función da situación sanitaria que vivamos polo que o alumno/a deberá atender as modificación aquí introducidas.

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN												
DISCIPLINA: <i>TRABALLO FIN DE ESTUDOS ( Cuadrimestres VII e VIII)</i>												
ESPECIALIDADE	Interpretación						ITINERARIO			Corda fretada		
CARÁCTER	Obrigatorio						TIPO DE CLASE					
DEPARTAMENTO	Corda fretada						XEFE/A DE DPTO.			Diego Segade Blanco		
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA			
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:		—	
ECTS/CUAD.							10		Observacións:		O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo.	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	Diego Segade Blanco						<a href="mailto:diegosegade@gmail.com">diegosegade@gmail.com</a>			Xoves de 08:30 a 09:30		
	Beatriz Rodríguez						<a href="mailto:brcaridad@gmail.com">brcaridad@gmail.com</a>			Luns de 21:00 a 22:00		
	Carolina Landriscini						<a href="mailto:clandris@edu.xunta.es">clandris@edu.xunta.es</a>			Xoves de 12:00 a 13:00		
	Héctor Santos						<a href="mailto:hectorsantosconde@gmail.com">hectorsantosconde@gmail.com</a>			Luns de 12:00 a 13:00h		
	Ana Ávalos						<a href="mailto:anavalos2@gmail.com">anavalos2@gmail.com</a>			Mércores de 10:30 a 11:30		
	Nerea Casanova						<a href="mailto:nerea.casanova@gmail.com">nerea.casanova@gmail.com</a>			Luns de 18:00 a 19:00		
	Ángel Lozano						<a href="mailto:arlozano@edu.xunta.es">arlozano@edu.xunta.es</a>			Venres de 11:00 a 12:00		



DESCRITOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente.  Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro.  A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015	

### 3. OBXECTIVOS

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos o longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando o xeito crítico.	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.
Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos o longo das disciplinas cursadas. Por culpa da crise sanitaria do COVID-19 o recital poderá ter unha modalidade telemática.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X6, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10.

#### 4. CONTIDOS

##### **Exercicio escrito**

##### **(Traballo académico e defensa do mesmo)**

O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento. Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas e 5500 palabras, tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos, e deberá pertencer a algunha guía de estilo. Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. Dito traballo deberá conter un resumo da mesma nun idioma estranxeiro, de entre 300 e 700 palabras. O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico, a continuación o tribunal abrirá un proceso de debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte.

##### **Interpretación**

##### **(Concerto público)**

Este concerto deberá ter unha duración entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os quince minutos. A proposta do programa de dito concerto terá que ser aprobada polo departamento e será entregada na forma e prazos establecidos no protocolo aprobado polo centro. No caso de que se producise algunha modificación sobre o programa a interpretar deberá ser notificado mediante instancia dirixida ao departamento para a súa supervisión e aprobación, de ser o caso. Realizarase con suficiente antelación determinada seguindo o protocolo. Unha vez recibida a solicitude, o departamento resolverá ao respecto sobre dita posible modificación.

#### 5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e atendendo tamén a outras posibles enfermidades que poidan padecer os nosos alumnos/as, a metodoloxía a empregar estará dividida en tres opcións:

1. **Docencia presencial:** na aula do centro na hora asignada.
2. **Docencia semipresencial:** este tipo de docencia realizarase cando o alumno/a, se as condicións de saúde o permiten, teña que pasar un período determinado recluído no seu domicilio ben por mor dunha cuarentena ou por unha afección debidamente xustificada. As clases realizaranse mediante plataformas online tipo SKYPE, ZOOM ou WEBEX e poderase pedir material adicional como vídeos ou traballos escritos se a calidade da docencia telemática non é óptima. Esta modalidade semipresencial tamén pode ocorrer cos docentes xa que no caso de que teñan que pasar unha cuarentena sustituirán as clases presenciais por clases telemáticas aínda que se durante a cuarentena o docente recibe a baixa médica entón as clases serán anuladas.
3. **Docencia telemática:** no caso de que se produza un confinamento total o alumno/a recibirá a súa docencia totalmente online no seu horario habitual para que non se produza ningún prexuízo de horario con respecto a outras materias. As clases realizaranse mediante plataformas online tipo SKYPE, ZOOM, WEBEX e poderase pedir material a maiores de vídeos ou traballos escritos se a calidade da docencia online non é óptima.



ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Proposta dun traballo académico.	Non presencial	No prazo que a CCP determine a tal fin
Elaboración dun traballo académico .	Non presencial	Permanente
Proposta dun programa de concerto solista.	Non presencial	No prazo que a CCP determine a tal fin
Ensaio para a preparación da presentación pública dun concerto solista	Presencial/ Telemática	Regulares
Titorías	Presencial/ Telemática	Regulares
Exposición e defensa do traballo académico	Presencial/ Telemática	Ao final, dentro do calendario establecido a tal fin
Interpretación pública do concerto	Presencial/ Telemática	Ao final, dentro do calendario establecido a tal fin
TOTAL HORAS:300H=10 ECTS		

## 6. AVALIACIÓN PRESENCIAL OU TELEMÁTICA

**Avaliación presencial:** Realízase de forma ordinaria no propio centro de estudos.

**Avaliación telemática:** Se durante o período de avaliación o alumno/a está realizando un período de cuarentena polo COVID-19, por outra doenza xustificada, ou debido a un confinamento total a súa avaliación realízase de forma telemática, mediante plataformas online tipo SKYPE, ZOOM ou WEBEX. No caso de que a calidade non sexa óptima, o alumno/a terá que realizar unha gravación en streaming. Para evitar que haxa unha manipulación no arquivo, daráselle unha palabra chave antes de comezar a gravación. Desta maneira, asegurámonos que a gravación está feita no momento e non sufriu modificación. Se por algunha razón o alumno/a tense que desprazar para dispoñer dunha boa conexión, permitiráselle un máximo de dúas horas para recibir o arquivo. Esta excepción deberá estar absolutamente xustificada.

O alumno/a disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación da disciplina. A avaliación e cualificación correspondente a ditas convocatorias terá lugar nas datas que o protocolo do centro dicta. **É requisito imprescindible aprobar as dúas partes para obter a nota final, que xurdirá da ponderación das notas do Traballo Académico (20%) e do Recital (80%)**

### 6.1 Ferramentas de avaliación

Interpretación en público do concerto e exposición e defensa do traballo académico.

### 6.2. Criterios de avaliación sobre a interpretación do recital

#### Interpretativos ou de execución.

Execución rítmica precisa e segura: Ata 1,5 puntos

Calidade do son e afinación: Homoxeneidade, riqueza tímbrica e gradacións dinámicas: Ata 1,5 puntos

Fidelidade ao texto: Ata 1,5 puntos

Interpretación correcta dos signos de articulación e expresión: Ata 1,5 puntos

Coherencia e rigor estilística na interpretación do programa: Ata 1 punto

Profesionalidade no escenario, utilización de recursos escénicos e interpretación de memoria do repertorio: Ata 1 punto

**Dificultade técnica, interpretativa e interese artístico do programa:** Ata 1 punto

**Elaboración das notas ao programa: valoración dos contidos expostos e da súa redacción:** Ata 1 punto

### 6.3. Criterios de Avaliación do Traballo Académico

#### Aspectos formais do traballo

Claridade de ideas, de exposición e de organización da información. Ata 1 punto



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

Relación e coherencia entre as partes do traballo, vinculada a una boa calidade lingüística do discurso. Ata 1, 5 puntos

**Fundamentación teórica do traballo**

Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e nivel alcanzado no tema tratado. Ata 3 puntos

Creatividade e orixinalidade na presentación da temática, na súa abordaxe ou no seu tratamento. Ata 1 puntos

Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas propias dos traballo científicos e profesionais. Ata 1 puntos

**Conclusións do traballo:** Ata 1 punto

**Defensa pública do traballo:** Ata 1,5 puntos